



Remítese a documentación presentada/recibida no REXISTRO 000008850 - REXISTRO DE SANIDADE, OTROS Complexo Admvo. de San Lázaro, S/N CP 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), ao abeiro do artigo 10 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, cos seguintes números de entrada:

Nº Rexistro	Data/Hora	Remitente/Asunto
4759 / RX 653313	13/03/2018 10:02:05	MILLÁN CALENTI, RAFAEL ÁLVARO ESCRITO EXPONIENDO Q D.MIGUEL ANGEL DELGADO GONZÁLEZ, Q ACTUA EN NOMBRE DE PLADESMAPESGA (PLATAFORMA DEFENSA SECTOR MARÍTIMO PESQUERO GALICIA), HACE REFERENCIA A MI PERSONA, POR LO Q SE SOLICITA TRALADO DE ESTOS ESCRITOS Y CONTESTACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13 de marzo de 2018



Data de recepción:

Responsable da unidade (recibido)

Destinatario:

RECTOR UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COMPOSTELA

PAZO DE SAN XEROME- PRAZA OBRADOIRO S/N - 15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)



Sr. RECTOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SRA SECRETARIA XERAL DA USC

Pazo de San Xerome. Praza Obradoiro s/n 15782 Santiago de Compostela.

Rafael Álvaro Millán Calenti, Profesor asociado do Departamento de Dereito público especial e da empresa da USC,, con destino actual na Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, e con domicilio a efectos de notificacións na despacho 244 da Facultade de CCEE e Empresariais da USC, Avenida do Burgo s/n, Santiago de Compostela, co debido respecto diríxese a vostedes para

EXPOÑER:

Que don Miguel Angel Delgado González, con domicilio na rúa Juan Castro Mosquera, 28-2 dcha., A Coruña quen di actuar en nome dunha asociación denominada "Plataforma de Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia, "pladesmapesga", con domicilio social na mesma dirección, se alude, en varios escritos presentados en rexistros da Xunta de Galicia, e supoño que na USC, co meu nome e apelidos, a determinadas actividades unhas relacionadas coa autorización de compatibilidade e outras con axudas públicas, que son na súa totalidade absolutamente falsas e que motivaron a súa xudicialización.

A información que consigo a difunde a través de diversas web, nas que aparece como administrador e implica a autoridades, institucións, altos cargos e funcionarios públicos,, coa finalidade de conseguir o maior número de accesos posibles e alimentar así o negocio de venta das mesmas..

As acusacións que fixo, e está a facer, evidencian un malintencionado e temerario desprezo a verdade, polo que unha vez feitas, e ante a evidencia das accións xudiciais, necesita obter elementos probatorios o que nos fai prever que continúe solicitando información..

Pola miña representación procesual estase a preparar querela criminal por injurias e calumnias contra funcionario público ademais doutras actuacións procesuais.

Previamente a presentación da querela, en cumprimento do establecido no artigo 804 da Lei de Axuízamento Criminal presentouse demanda de conciliación previa a via xurisdiccional penal, cuxo acto xa se celebrou o día 28 de febreiro do 2018 no Xulgado de primeira instancia n.º 1 de A Coruña, sen avenencia (X53 CONCILIACIÓN 0000055 / 2018-L).

Solicito que

Tendo en conta o disposto nos artigos 27.2 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e dos artigos 4 b) e 13 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións públicas que en mi condición de interesado se me de traslado dos escritos que presentou e dos que poida presentar no futuro, e de selo caso das respostas que obtiveron, a efectos de articular a defensa dos meus dereitos.

Santiago de Compostela a 13 de marzo do 2018

Ado. Rafael A. Millán Calenti

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 13/03/2018 10:02:05

ENTRADA 4759 / RX 653313

